

Con respecto ó Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (2009), a Xunta de PDI-Funcionarios acordou por maioría:

- 1) Que nos requirimentos dos candidatos se elimine a especificación ó tipo de contratado que pode concursar (2.1.a).
- 2) Que se manteñan os requirimentos temporais da convocatoria do ano pasado para a antigüidade mínima.
- 3) Que debe aclararse o criterio utilizado para a definición de campos pois non se corresponde exactamente cos do CNEAI. Solicitamos que se teña en conta a relación capacidade docente-carga docente á hora de redefinir os campos priorizando os que teñen menor relación.
- 4) Que non se puntúe ter a avaliación positiva en programas de estabilización para profesorado universitario (incluídos I3, Manuel Colmeiro).

Con respecto á política de profesorado, a Xunta de PDI-Funcionarios aprobou por unanimidade:

- 1) Instar como Xunta de PDI-Funcionarios a constitución inmediata da Mesa de PDI.
- 2) Negociar de inmediato que se conxugue a estabilización do profesorado contratado cunha política de profesorado que corrixa os desequilibrios dos cadros de persoal entre as áreas de coñecemento.

Vigo a 13 de novembro de 2009

O Presidente

Asdo: Aquilino Alonso

ILMO. SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO